

MUSEO LISTE


ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN 2017

O Museo Liste programa actividades especiais dirixidas a grupos de nenos e nenas que a través de campamentos urbanos, ludotecas, academias ou grupos particulares previamente establecidos,... desexen visitar o Museo.

As actividades ofertadas este ano son: “Artellando a historia”, “Gabinete de curiosidades” e “Liste’s scape room”.

Tamén contaremos coa proposta “Xogando en familia”, percorrido lúdico e autónomo polas salas do Museo como instrumento para potenciar a visita familiar.

Para calquera dúbida, o noso teléfono de contacto: 986244698.



PROPOSTA 1: ARTELLANDO A HISTORIA

Contido: Nenos e nenas serán os protagonistas do conto deseñado especialmente para o Museo. Experimentos con obxectos, historias e maxia compoñen a actividade coa que aprender do noso pasado.

Obxectivos: coñecer o Museo de xeito lúdico. O xogo actúa de vehículo cara a comprensión dos contidos expostos fomentando a motivación e implicación activa no coñecemento.

Metodoloxía: Partindo do conto “ Os trasnos xogantíns” viviremos unha divertida aventura que nos convertirá en expertos museólogos.

Soporte didáctico: materiais didácticos e monitor-guía.

Duración: 60 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste.

Datas: mes de xullo de 2017.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de 3 a 12 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



PROPOSTA 2: O GABINETE DE CURIOSIDADES DO LISTE

Contido: entre o real e o imaxinario, unha morea de obxectos singulares permitirán coñecer como eran os antigos “gabinetes de curiosidades”, xermolo dos actuais Museos.

Obxectivos: coñecer a orixe dos actuais museos poñendo en xogo a imaxinación dos participantes.

Metodoloxía: a través dunha historia novelada, explicarase que era o gabinete de curiosidades de *Graciano Snape*, precursor do Museo Liste.; despois, por medio de pistas, terán que atopar as caixas cos obxectos do antigo gabinete. Unha vez atopadas, se procede á apertura das caixas e ao relato teatralizado da historia de cada unha das pezas.

Soporte didáctico: materiais didácticos e monitor-guía.

Duración: 60 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste e xardín circundante.

Datas: mes de xullo de 2017.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de 3 a 12 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



PROPOSTA 3: LISTE'S SCAPE ROOM

Contido: pechados dentro do Museo Etnográfico da cidade, rodeados dunha morea de pezas atesouradas durante anos polo coleccionista e etnógrafo Olimpio Liste, os visitantes deben ser quen de vencer a maldade do anticuario *Paio Cachafeiro* quen argallou un plan para quedar coa valiosa colección que alberga o Museo.

Obxectivos: superar probas de todo tipo co obxecto de acadar a fuxida do Museo e salvar a colección.

Metodoloxía: Desafíos, enigmas e adiviñas son os misterios a resolver para poder saír do Museo. Intelixencia, destreza e astucia son as habilidades necesarias para superar con éxito esta proba.

Soporte didáctico: materiais didácticos e monitor-guía.


Duración: 60 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste.

Datas: mes de xullo de 2017.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de 12 a 16 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



PROPOSTA 4: XOGANDO EN FAMILIA

Contido: percorrido autónomo polo Museo para familias a través dunha serie de propostas que probarán as súas capacidades dedutivas e coñecementos.

Obxectivos: potenciar a visita en familia e o coñecemento das coleccións expostas no Museo.

Metodoloxía: as familias, guiadas polos caderniños dispoñibles en recepción, visitarán dun xeito diferente o Museo.

Soporte didáctico: caderniños- guía.

Duración: 60 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste.

Datas: sábados do mes de xullo de 2017.

Dirixido a: familias sen necesidade de solicitar cita previa.

Prezo: aplicarase o prezo de entrada ao Museo.





INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuito: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org